



=CROSS= escolar

DO VAL MIÑOR 2024

CONCELLO DE BAIONA
CONCELLERÍA DE DEPORTES E ACTIVIDADES MARÍTIMAS

* ANTIGO CAMPO DE FÚTBOL DE STA. MARTA (SABARÍS) *

Por medio desta presente, queremos convidalos ao XXV CROSS ESCOLAR "DO VAL MIÑOR 2024", que organiza conxuntamente a Concellaría de Deportes do Concello de Baiona, a Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia a través do seu programa deportivo escolar Xogade. A carreira celebrárase o vindeiro **DOMINGO DÍA 20 de OUTUBRO** no antigo campo de fútbol de Santa Marta en Sabarís, Baiona. O prazo límite de inscrición remata o día 17 de outubro (derradeiro día de inscrición).

HORARIOS E SAÍDAS

PROGRAMA XOGADE · XUNTA DE GALICIA

HORARIO	CATEGORÍA · ANO	DISTANCIA	VOLTAS
10.45 h	Cadete Masculino · 2010-2011	2.200 m	3 voltas gr
11.00 h	Cadete Feminino · 2010-2011	2.200 m	3 voltas gr
11.15 h	Infantil Feminino · 2012-2013	1.500 m	2 voltas gr
11.25 h	Infantil Masculino · 2012-2013	1.500 m	2 voltas gr
11.35 h	Alevín Masculino · 2014-2015	1.100 m	1 v pq + 1 v gr
11.45 h	Alevín Feminino · 2014-2015	1.100 m	1 v pq + 1 v gr
11.55 h	Benxamín Masculino · 2016-2017	750 m	1 volta grande
12.05 h	Benxamín Feminino · 2016-2017	750 m	1 volta grande

PROGRAMA DEPORTE ESCOLAR · CONCELLO DE BAIONA

HORARIO	CATEGORÍA · ANO	DISTANCIA	VOLTAS
12.10 h	Prebenxamín Masculino · 2018-2019	400 m	1 volta pequena
12.20 h	Prebenxamín Feminino · 2018-2019	400 m	1 volta pequena
12.30 h	Chupetes Masculino · 2020-2021	80 m	1 recta longa
12.40 h	Chupetes Feminino · 2020-2021	80 m	1 recta longa
12:50 h	Entrega de trofeos		

DORSAIS

Os dorsais necesarios para os colexios que os requiran serán entregados pola organización con suficiente antelación para elaboralos no propio colexio. Se algún centro prefere que sexa a organización quen os prepare, ofreceremos esa posibilidade. Os números serán asignados pola organización a cada participante e centro.



=CROSS= escolar

DO Val Miñor 2024

CONCELLO DE BAIONA
CONCELLERÍA DE DEPORTES E ACTIVIDADES MARÍTIMAS

INSCRICIÓN

Rogamos que se poñan en contacto coa Concellaría de Deportes do Concello de Baiona antes do 17 de outubro para facilitarnos a listaxe de participantes, xa que este é o prazo final para as inscricións. Outra alternativa é que o propio interesado contacte a través do teléfono do pavillón (986.356.558) ou por correo electrónico (deportes@baiona.gal) para facilitar os seus datos de inscrición.

SEGURO DE ACCIDENTES

É moi importante que cada centro ou entidade que participe teña os seus cativos mutualizados a través do portal de Xogade. Se hai algunha dúbida sobre como facelo, poden poñerse en contacto connosco e axudáremoslles. (É crucial que todos os cativos estean mutualizados).

Para os participantes das categorías Prebenxamín e Chupetes, a Concellaría de Deportes do Concello de Baiona proporcionará un seguro de accidentes propio para cubrir a carreira, xa que estas categorías están fóra do programa Xogade da Xunta de Galicia, sempre e cando se inscriban antes da data límite de inscrición (17 de outubro).

Para calquera outra consulta, poden poñerse en contacto con nós a través de:

Tlf 986.356.558 – 679.196.881

Fax 986.358.078

Mail deportes@baiona.org

Atentamente,
Jesús Vázquez Almuiña
Alcalde de Baiona